

Manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) no Día de Rosalía de Castro 2017

- En Galicia existen infinitas formas de amencer: *abrente, alborada, clarexa, luzada, rompenete*.

A lírica que abraza os versos de Rosalía posúe as cores reveladoras da primeira luz.

Imaxino a Rosalía no século XIX e vexo unha muller que se aferra ás palabras sen complexos e fai con elas o que o corazón lle pide ao oído en cada instante: fitas de encaixe, diamantes, armas de construción masiva ou versos predestinados a furar as conciencias e facer cambalear os piares do inmobilismo.

Esa é ela. Unha xigante que non precisa respiración asistida, nin prantos, nin ritos florais. Os pulmóns da súa obra aférranse ao futuro e inflanse coa forza dun país que respira cultura por cada fenda.

- En Galicia existen infinitas formas de querer e nós quémoste *paxaro, lume, emoción*. Quémoste *eléctrica e lúa*. *Insubmisas e valentes*.

A voz que hoxe portaría unha pancarta na cabeza dunha manifestación contra a violencia machista ao berro de: **Basta xa, quémonos vivas!** A que quedaría afónica de solicitar, día tras día, unha maior presenza do galego na escola, na rúa, na vida. Na Galicia nosa que se estremece por momentos.

Imaxino a Rosalía e véxoa afirmando: Son muller e son galega. Reivindícome como escritora na miña propia lingua e non consinto que ninguén apague a miña voz. Estou tan viva que os meus versos rabuñan as paredes do panteón de galegas ilustres ata facelas sangrar. Négome a ser unha estranxeira exiliada na miña patria. Quero abarcar toda a luz e contaxiar.

- En Galicia existen infinitas formas de chover:

*Como chove miudiño,
como miudiño chove,
pola banda de Laíño,
pola banda de Lestrove.*

E con esa maxia pronuncio: *babuxa, chuvisca, poalla, chuvieira, barruzo, dioivo*. A lírica que arroupa os versos de Rosalía é un bico anfibio. Debaixo da auga nada a pracer, presumindo das súas branquias. Fóra dela, quita o traxe de escamas, mete as mans na terra e arrinca un libro e unha flor.

Esa coa que hoxe queremos agasallar ao mundo.

[#RosalíaTe!](#)

Ledicia Costas
Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)